

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 9 DE AGOSTO DE 2023

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día nove de agosto de 2023, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde en funcións, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como secretaria a concelleira secretaria da Xunta de Goberno Local, dona Mercedes Paula Alvarellos Fondo, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e a interventora xeral municipal accidental, dona María Concepción Castro Gil Iglesias, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA E RECURSOS INTERNOS

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión da licenza urbanística para instalación dun ascensor no edificio de vivendas, na rúa Río Ser, número 19, con referencia catastral 7039110PH1673N, a nome da Comunidade de Propietarios rúa Río Ser, número 19 (Exp. 2023/Y001/000096).

Tamén se acorda a concesión da licenza urbanística para a construción dun almacén agrícola en Cabalgada, Fazai, Carballido, na parcela con referencia catastral 27900A46000311 (Exp. 2023/Y001/000077).

Acórdase a concesión da licenza urbanística para modificación de portal e escaleiras do edificio para baixada a cota cero de ascensor existente en edificio de vivendas, na rúa Lamas de Prado, número 75, con referencia catastral 6938001PH1663N, a nome da Comunidade de Propietarios rúa Lamas de Prado, número 75 (Exp. 2023/Y001/000116).

2. XESTIÓN URBANÍSTICA.- Acórdase a resolución de alegacións e a aprobación definitiva do proxecto modificado de urbanización do Plan Parcial de solo industrial no Sector SUD Coeses - Cuiña S - 1.I (Concello de Lugo).

3. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase prorrogar a contratación da subministración de material de imprenta (reservado a centros especiais de emprego de iniciativa social) Exp. 2022/C004/000011.

Tamén se acorda a ampliación do prazo de execución da contratación da subministración e implantación dunha plataforma de xestión integral dos servizos sociais do Concello de Lugo dentro da estratexia Dusi Muramiñae da Muralla ao

ACTAS E GOBERNO

JDR/arm

Refª: ispac4731151031337252466.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 9-8-2023

Miño, código de proxecto: 16DUSI001, incluído no programa operativo Feder Orde HAP/2427/2015, do 13 de novembro, con financiamento do 80%.

Acórdase a aprobación da adquisición, así como dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas, do gasto, da adxudicación por procedemento aberto simplificado e da apertura do procedemento de adxudicación, dun sistema de xestión policial integral para utilización da Policía Local, dentro da estratexia EDUSI, Muramiñaes: da Muralla ao Miño, cofinanciable nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), no marco do programa operativo plurirrexional de España FEDER 2014-2020.

Tamén se acorda prorrogar, dende o 2-11-2023 ata o 1-11-2024, a contratación da prestación de servizos de información e dinamización dos Centros de Dinamización Sociocultural sitios na zona rural, espazos propiedade do Concello de Lugo, e dirixido ás veciñas e veciños das zonas rurais do municipio. Contrato reservado a centro especial de emprego de iniciativa social e a empresas de inserción (Exp. 2022/C003/000014).

4. FOMENTO.- Acórdase a rectificación, para os efectos de inclusión dos logos, do acordo relativo ao convenio para a colaboración en accións de defensa e prevención de incendios forestais (Exp. 1082/2023).

Tamén se acorda a aprobación da addenda de modificación ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Lugo para a execución dos fins comúns, consistentes en desdoblamento e humanización da avenida Duquesa de Lugo, tramo: Glorieta 25 Novembro-Glorieta Benigno Rivera.

5. PERSOAL.- Acórdase a cobertura temporal por mobilidade funcional de tres postos de oficial lector/a no Servizo de Augas do Excmo. Concello de Lugo.

Acórdase retirar o asunto relativo á proposta de adquisición do compromiso de incluír na OEP 2024 unha praza de enxeñeiro/a técnico/a agrícola e un posto de operario/a zona rural.

Tamén se acorda a adquisición do compromiso de incluír na OEP 2024 dúas prazas de operario/a de xardíns.

ÁREA DE GOBERNO DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA

6. DEPORTES.- Acórdase a aprobación das bases xerais reguladoras para a concesión de subvencións ás asociacións deportivas e persoas xurídico-privadas sen ánimo de lucro, que desenvolven a súa actividade no eido dos deportes (área de dinamización económica) e para a promoción e o fomento do deportes e actividade física no Concello de Lugo-exercicio económico 2023.



Concello de Lugo

ACTAS E GOBERNO

JDR/arm

Refª: ispac4731151031337252466.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 9-8-2023

Asinado dixitalmente pola tenenta de alcaldesa delegada da Área de Goberno de Sostibilidade Urbana e Recursos Internos e Concelleira Secretaria da Xunta de Goberno Local, dona Mercedes Paula Alvarellos Fondo.